

PREGÓN DO BELÉN DE BEGONTE

Señor alcalde D. José Ulla

Señor presidente da asociación Jesús Domínguez
Guizán, Xulio Xiz

Veciños e veciñas de Begonte

Visitantes, amigos e amigas que hoxe nos
acompañades

É unha autentica honra para min ser o pregoeiro do Nadal deste ano. Recibín tal alta distinción con moita ledicia, máis tamén coa grande responsabilidade de continuar a senda de cantos me precederon, todos eles figuras destacas da vida cultural e relixiosa de Galicia que, dende o agarimo que eles e eu mesmo procesamos a esta vila, marcaron o inicio destas entrañables festas e abriron ao publico este Belén de Begonte, contribuíndo a outorgarlle o prestixio do que goza.

O Nadal é unha época de reencontros, de volver ao cálido fogar e sentir rebulir o espírito da nenez que nos enche de ilusión nestas datas. É un tempo de tradicións que nos fan lembrar o que somos e o berce dende o cal medramos. **Unhas tradicións das que sabedes moito aquí, en Begonte do Belén (como se ten referido Xulio Xiz con agarimo a esta localidade), que dende máis de medio século cultivades con devoción e entrega** e nos congregades aquí para marabillarnos con este fermoso Belén que xa é, por méritos propios, un símbolo do Nadal galego.

Símbolo de continuidade cultural, o Belén de Begonte é sinónimo de tradición, de espírito comunitario e de futuro, valores que nos lembra a esencia mesma do nacemento do neno Xesús naquel humilde presebe de Belén, lonxe de adornos banais e triviais que inundan moitas das rúas das nosas cidades e vilas que nos afastan do seu verdadeiro significado.

O Belén de Begonte é tradición, porque soubo continuar o legado que o crego José Domínguez Guizán iniciou alí polo 1972, xunto co artesán José Rodríguez Varela, e que continuou de xeito ininterrompido durante todos estes anos. Mesmo en anos de pandemia seguiu sendo faro de esperanza para toda Galicia.

As máis dun centenar de figuras artesanais¹ que habitan os aproximadamente 150 metros cadrados desta sala, coa incorporación este ano da reprodución da casa-museo de Víctor Corral e unha singular noria, supoñen unha auténtica **homenaxe a historia e memoria desta vila e das súas xentes** que, a través delas, se converten en protagonistas deste nacemento resultado do prodixio da arte e da tecnoloxía que dan vida a nosa memoria colectiva.

¹ Hai máis de 150 figuras, e preto de 50 son móbiles.

O Belén de Begonte é espírito de comunidade, porque detrás do que se ve a simple vista, está presente o traballo e esforzo de todo un pobo, unha sorte de milagre colectivo, que en moitas ocasións encontrase ausente no tempo onde parece imperar a individualidade dentro da nosa sociedade.

Cada unha das figuras e das pezas que o configuran son o resultado do minucioso labor dos artesáns que con mimo coidan cada pequeno detalle, da xenerosidade e entrega de cada un dos voluntarios que nos agasallan co seu tempo, da veciñanza que se afana por manter este legado e, por suposto, de cada un dos milleiros de visitantes que se achegan cada ano e dotan de sentido a esta gran obra de arte.

Este esforzo colectivo é un dos piares que fan deste Belén unha das expresións máis significativas da identidade cultural e turística da Terra Cha e de toda Galicia, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia no 2014.

O Belén de Begonte é futuro, porque é un singular punto de encontro interxeracional que nos lembra que, máis alá de ser unha das maiores representación relixiosas, estamos ante a personificación dos principios e valores propios destas datas que nos interpelan como sociedade. Razón pola cal, no **seu espírito está o de ser acicate de outras iniciativas culturais e artísticas que nos fan medrar como sociedade e construír a Galicia do mañá.**

Así, ao amparo deste montaxe de nadal teñen o seu berce os concursos de poesía, arte, periodismo e debuxo infantil, implicando a toda a sociedade. Cada unha destas iniciativas supón unha invitación a mergullarse no espírito destas datas, a volver a mirar a realidade cos ollos propios da nosa infancia e a canalizar as emocións e sentimentos que aquí se promoven e reviven para transformalos en novas achegas para a nosa cultura, servindo de faro para as futuras xeracións.

Por todo isto, **o Belén de Begonte esperta en todo o pobo galego un sentimento de orgullo pola nosa cultura e a nosa historia**, un legado que permanece vivo grazas a todos vós e que promove **valores universais** que configuran a nosa identidade e a nosa forma particular de vivir e sentir o Nadal, como son: a humildade, a convivencia, a fraternidade e a esperanza que emanan en cada nacemento. Incidindo na humanidade que debe servir de eixe vertebrador de cada Nadal.

Un escaparate que reflicte a forma de ser e de entender o mundo dun pobo que **aposta por preservar a súa herdanza e os principios comunitarios** que nos unen a todos os galegos e galegas, conservando así o espírito galeguista, berce daquela primeira representación do nacemento de fai máis de medio século.

Porén, o nadal de Begonte non é só unha lembranza do pasado ou unha recreación máis do nacemento de Xesús, senón un **convite a seguir mantendo viva a chama da tradición**, a seguir creando novas historias e continuar aumentando o legado iniciado polos nosos devanceiros con tanto enxeño e creatividade. Un ano máis, toda a veciñanza de Begonte do Belén demostrastes que a tradición é unha semente que florece cada ano e nos invita a mirara cara o futuro con ilusión e esperanza.

Quero rematar o meu humilde pregón, **lembrando os versos de Fiz Vergara Vilariño, ademais de reiterar o meu sinceras agradecemento** a cantos me convidaron a estar hoxe aquí con toda a veciñanza de Begonte e compartir con vós esta viaxe ao que fomos nun pasado non tan afastado pero que nos sostén con forza. Ao tempo, de mirar para o porvir, desexando que quen veña detrás de nós valore positivamente o camiño andado e continúe facendo de Begonte do Belén a capital do Nadal.

Remato cos versos de Vergara Vilariño que lle dedica a este Belén de Begonte recollido no libro *Medio século de poesía en galego sobre o Nadal*²:

“Chega o Nadal e a Chaira estrea traxe,
porque en Begonte xurde un monumento
para louvar de cote o Nacemento
e esquece-la xenreira e mailo aldraxe.
Chega o Nadal e múdase a paisaxe,
porque na Chaira hai festa sen lamento,
e Galicia relouca de contento
indo cara Begonte en gran romaxe.
Chega o Nadal, dispense o mundo enteiro
a celebra-la maior data dos anos,
entre notas de gaitas e pandeiro.
Chega o Nadal e tódolos humanos
corremos ó Begonte churrusqueiro
cos corazóns encheitos de galanos”.

² Estes versos están recollidos no libro *Medio século de poesía en galego sobre o Nadal* que recolle preto dun centear de poemas de 36 autores que foron ganadores do Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, iniciativa cultural que nace ao abeiro do Belén. Este libro van a “presentalo” o propio día 29.12.25.